Expediente	**Sesión ordinaria do Pleno do Concello de 11.09.2018**	**REF. 11/2018**
Trámite	**Decreto de convocatoria**	

Examinada a relación de asuntos remitida pola Secretaría Xeral do Pleno, considerando o tratado na sesión da Xunta de Portavoces do día 06.09.2018, esta Alcaldía-Presidencia, en exercicio das atribucións que lle confiren os artigos 124.4.d) da Lei 7/85, Reguladora das Bases do Réxime Local, 43.1 do Regulamento orgánico do Pleno e as súas comisións (ROP) e 13-2-d) do Regulamento orgánico do goberno e da administración municipal do Concello de Pontevedra, DECRETA:

Primeiro.-
Convocar aos membros do Pleno do Concello á sesión ordinaria que terá lugar o día **11.09.2018,** no Teatro Principal, ás **10:30 horas** en primeira convocatoria, ou 2 días hábiles despois, á mesma hora, en segunda convocatoria, de non obterse quórum suficiente na primeira, quórum que será dun terzo dos seus membros.

Segundo.-

Fixar a seguinte orde do día:

1.- Toma de posesión do concelleiro electo don Gerardo Ramón Pérez Puga.

A) Aprobación da acta da sesión anterior:

2.- Aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria de 16.07.2018.

B) Parte Resolutiva:

3.- 2ª modificación do regulamento dos mercados municipais de abastos.

4.- Recoñecementos extraxudiciais de crédito:

a) Expediente 2018/FACTGRTRAM/000171 por importe de 9.690,73 €.

b) Expedientes 2017/FACTURA/010675 por importe de 2.559,13 €.

c) Expedientes 2018/FACTURAPAPEL/000016 por importe de 154,44 €.

d) Expediente 2017/FACTGRTRAM/000154 por importe total de 6.341,01 €.

e) Expediente 2018/FACTGRTRAM/000138 por importe total de 16.286,62 €.

f) Expediente 2017/FACTGRTRAM/000203 por importe total de 5.667,64 €.

5.- Ratificación da súa inclusión por urxencia e aprobación, no seu caso, de proposición Proposición do grupo municipal do Partido Popular sobre o transporte urbano.

6.- Proposición do grupo municipal do PSdeG-PSOE en relación á elaboración dun plan de impulso de activación de comercio local.

7.- Ratificación da súa inclusión por urxencia e aprobación, no seu caso, de proposición do grupo municipal Marea Pontevedra relativa á mellora dos dispositivos de seguridade e control viario dos eventos, singularmente deportivos, que se desenvolven prohibindo o estacionamento e pechando a circulación en barrios e rúas da cidade.

8.- Ratificación da súa inclusión por urxencia e aprobación, no seu caso, de proposición do grupo municipal Mixto-Ciudadanos relativa á atención de mulleres con endometriose e divulgación desta enfermidade no Concello de Pontevedra.

9.- Proposición do grupo municipal do Partido Popular para la creación de un parque canino en Pontevedra.

10.- Ratificación da súa inclusión por urxencia e aprobación, no seu caso, de proposición do grupo municipal do PSdeG-PSOE en relación á necesidade de habilitar un refuxio de animais no noso concello.

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:SCC0XOWZWJD3B0A7

11.- Ratificación da súa inclusión por urxencia e aprobación, no seu caso, de proposición do grupo municipal Marea Pontevedra relativa ás responsabilidades políticas polo atraso na posta en marcha da renda social municipal.

12.- Ratificación da súa inclusión por urxencia e aprobación, no seu caso, de proposición do grupo municipal Mixto-Ciudadanos relativa á instalación de minipuntos limpos en barrios e parroquias.

13.- Proposición do grupo municipal do Partido Popular sobre melloras na rúa Monte do Taco.

C) Mocións Urxentes.

D) Control e seguimento do Goberno Local:

14.- Dación de conta do estado de execución de ingresos e gastos do Concello e dos seus Organismos Autónomos referido ao segundo trimestre de 2018.

15.- Dación de conta da información subministrada ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en virtude da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, correspondente ao segundo trimestre de 2018.

16.- Dación de conta dos listados aos que fai referencia o artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, correspondentes ao segundo trimestre de 2018.

17.- Toma de coñecemento de acordo da Xunta de Goberno Local, de data 23.07.2018, de designación de representante do Concello na Mancomunidade do Vertedoiro e no consello escolar do CEIP Froebel.

18.- Toma de coñecemento de expedientes de modificación de crédito.

19.- Coñecemento de resolucións e decretos.

20.- Preguntas.

- Pregunta do grupo municipal do Partido Popular en relación á transferencia antigo tramo N-550.

21.- Rogos.

- Rogo do grupo municipal do partido popular sobre a ponte de a Peralba.

Terceiro.- Dar traslado da presente:

- Aos Srs. Concelleiros membros e á Intervención municipal, de conformidade co art. 65 do ROP.

- Ao Gabinete de Comunicación para que se efectúen os correspondentes anuncios á prensa, debendo de achegar xustificantes de así telo efectuado.

- Ao servizo de Secretaría e Asuntos Xerais para a súa publicación no taboleiro de edictos do Concello desde o momento mesmo da convocatoria, debendo de remitilo de volta, debidamente dilixenciado de exposición, logo da celebración da sesión.

* Os expedientes dos asuntos incluídos na orde do día da presente sesión encóntranse á súa disposición na pestaña favoritos do seu perfil de usuario de CIVIDAS. Poderán acceder a través dos ordenadores instalados no Concello aos grupos municipais ou, no seu defecto, a través dos ordenadores da Secretaría do Concello.

Asinado por: JOSE CARLOS CASTIÑEIRA PIÑEIRO
Servizo: SECRETARIA DA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL
Cargo: SECRETARIO
Data: 06/09/2018

Asinado por: MIGUEL ANXO FERNANDEZ LORES
Servizo: ALCALDIA
Cargo: ALCALDE
Data: 06/09/2018
Este documento foi asinado electrónicamente conforme á lexislación de sinatura electrónica
COD RESOL.2018003839

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:SCC0XOWZWJD3B0A7